

# Cen anos de minería unidos polo futuro de Galicia



Cámara  
Oficial  
Mineira  
de Galicia

# 2025

## Memoria anual

Cámara Oficial Mineira de Galicia

# Índice

## **Carta da presidenta** **2**

---

## **Un sector estratéxico** **4**

A minería en Galicia 5

A minería en cifras 7

---

## **A Cámara** **9**

Unha entidade ao servizo do sector 10

Como traballamos polo sector 11

Órganos de Goberno 12

Cen anos ao servizo da minería galega 14

---

## **Minaría Sostible de Galicia** **18**

Páxina web e redes sociais 20

---

## **Exercicio 2025** **21**

Oficina de Impulso de Proxectos Europeos 22

Representación do sector 24

Defensa do sector 33

Asistencia técnica 38

Formación 41

Patrimonio 42

Divulgación 44

Comunicación 46

# Carta da presidenta



D.ª Cecilia Trancón Loureiro  
Presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia

→ É imprescindible mirar cara ao futuro, cara aos próximos cen anos da Cámara Oficial Mineira de Galicia para definir os retos, desafíos e obxectivos que debemos abordar.

## Nos próximos cen anos

A celebración de Santa Bárbara, no ano do Centenario da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que conmemoramos en 2025, foi un momento de encontro e reflexión compartida no marco dunha traxectoria colectiva xa consolidada. Unha ocasión para recoñecer o camiño percorrido e reafirmar, desde a cooperación e o traballo conxunto, a vontade de seguir afrontando con responsabilidade os retos que a minería galega ten por diante.

A lousa, o granito, os metais, o carbón, os áridos, as augas minerais e os minerais industriais tiveron unha relevancia incuestionable no desenvolvemento de Galicia ao longo dos últimos cen anos. E a sociedade é plenamente consciente diso.

Ao longo de 2025 desenvolvemos numerosas actividades destinadas a poñer de manifesto a importancia estratéxica do sector e o papel que desempeña Galicia no desenvolvemento socioeconómico de España e de Europa a través dos seus recursos minerais. Estas iniciativas serviron tamén para render homenaxe a todas as persoas que construíron o sector: presidentes, xuntas directivas, directores e equipos que fixeron posible que a COMG acadase este fito histórico.

Durante este período, recibimos o recoñecemento de diversas forzas políticas, administracións públicas e representantes doutros sectores, que destacaron a importancia da actividade mineira. Este recoñecemento

reflicte que o valor xerado é percibido e apreciado pola sociedade no seu conxunto.

Porén, o traballo da Cámara Oficial Mineira de Galicia non pode quedar nunha autocompracencia cómoda. É imprescindible mirar cara ao futuro, cara aos próximos cen anos da organización. E, cunha visión concreta e realista en canto a prazos, comezar desde agora a definir os retos, desafíos e obxectivos que debemos abordar nos próximos tres anos.

En breve iniciaremos os traballos para a elaboración dun Plan Estratéxico que servirá como folia de ruta para afrontar o futuro con rigor, planificación e ambición. Un equipo experto, baixo a supervisión da Xunta Directiva, levará a cabo unha análise profunda e detallada, con atención aos matices, pero centrada nas liñas mestras que deben guiar a actuación da COMG. Aspiramos a que este traballo nos axude a reforzar a cohesión do sector e a identificar con claridade as prioridades reais nas que a Cámara debe concentrar os seus esforzos.

Existen retos que todos temos moi presentes, entre eles a valoración social da nosa actividade. Todos os esforzos que realicemos, tanto como sector no seu conxunto como desde cada empresa, colexio profesional ou asociación empresarial, serán insuficientes se non logramos unha aceptación maioritaria e socialmente compartida do que a minería achega a Galicia.

Como obxectivo sectorial prioritario, debemos avanzar cara a normalización sobre os dereitos mineiros, de maneira que deixen de ser acontecementos excepcionais. En 2025, a Administración convocou e resolveu o primeiro en catorce anos, unha noticia sen dúbida positiva, pero que debería converterse nun procedemento ordinario, seguro, con plenas garantías xurídicas e, ao mesmo tempo, áxil e eficiente.

A comezos de 2026, o Catastro Mineiro de Galicia rexistra un total de 1.005 dereitos mineiros que caduca-

ron. Estes terreos, antes considerados de interese para a minería, deben ser reconsiderados debido ás novas demandas sociais, aos avances tecnolóxicos na exploración e a unha directriz europea que impulsa a autonomía estratéxica en materias primas. Por iso, propónse volver sacalos a concurso para fomentar a investigación, entendida como xeración de coñecemento dos nosos recursos, da nosa xeoloxía e do noso potencial.

Xunto a estes desafíos, a COMG afronta tamén retos propios como organización, entre eles seguir sendo útil ao sector no día a día: desde a tramitación de cuestións de menor escala ata a defensa de posicións estratéxicas ante a Administración e o conxunto dos axentes sociais.

Seguiremos promovendo o Catastro Mineiro como unha ferramenta esencial, independente, universal e accesible, clave no noso sector para obter información precisa sobre a localización e administración dos dereitos mineiros vixentes. Así mesmo, consideramos fundamental reforzar o papel dos comités técnicos, en especial o comité normativo, para que as súas achegas sexan notorias, aplicables e realmente útiles tanto para as administracións públicas, as empresas, as universidades e os profesionais da minería como para a sociedade no seu conxunto.



# Un sector estratéxico



Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

# A minería en Galicia

Un pilar estratéxico para a industria e o territorio



→ Galicia representa o **8,7%** da produción mineira española e o **12,25%** do emprego do sector a nivel nacional.

A minería en Galicia desempeña un papel estratéxico como fornecedora de materias primas esenciais para o funcionamento da economía. A actividade extractiva é a base sobre a que se constrúen cadeas de valor fundamentais para sectores como a construción, a enerxía, a industria manufactureira, a tecnoloxía, a agricultura ou o turismo termal.

Nun contexto global marcado pola incerteza xeopolítica e pola crecente demanda de materias primas, Galicia conta cunha diversidade xeolóxica que lle permite contribuír ao fortalecemento do tecido industrial e á redución da dependencia exterior, en coherencia cos obxectivos europeos de autonomía estratéxica.

A industria mineira galega caracterízase por un tecido empresarial maioritariamente local, integrado na súa maior parte por pequenas e medianas empresas de capital galego, cun forte vencello ao territorio. Este modelo favorece a creación de emprego estable, a fixación de poboación no rural e a xeración de riqueza de proximidade.

Ao mesmo tempo, a minería en Galicia evoluciona cara a un modelo baseado na innovación, na mellora coantínua dos procesos, na restauración ambiental e na integración territorial, consolidándose como unha actividade necesaria e aliñada cos retos actuais da sociedade.



## Construción

Áridos	Caolíns	Granito
Arxila	Cuarcita	Lousa



## Saúde

Augas minerais	Augas termais
----------------	---------------



## Electrónica

Cobre	Coltán	Litio
Cuarzo	Ouro	Volframio



## Enerxía renovable

Cobre	Níquel	Silicio
Neodimio	Litio	



## Agricultura e gandaría

Calcaria	Cuarzo
Magnesita	Turba



## Turismo

Augas minerais	Augas termais	Antigas explotacións
----------------	---------------	----------------------



## Á cabeza da industria extractiva

### Contribución ao emprego



Galicia ocupa o segundo posto en emprego mineiro en España con máis de **4.600 empregos directos**, o 12,25% do emprego mineiro nacional. Máis do **23% do persoal son mulleres**.

### Un tecido empresarial galego



O sector mineiro galego caracterízase por estar formado maioritariamente por pequenas e medianas empresas, na súa maior parte de capital galego, que representan o **97% dos titulares de dereitos mineiros**.

### Base material das infraestruturas



A minería galega superou os 14 millóns de toneladas de produción, **achegando materias primas esenciais** para a construción, a industria e a transición enerxética.

### Un sector sostible



A industria mineira galega destaca polo seu avance na implantación de modelos de xestión responsable sendo a comunidade con maior número de empresas certificadas na norma UNE 22480 de Xestión Mineira Sostible.

### Referente estatal en produción




Galicia é a cuarta comunidade en valor da actividade mineira en España, representando o **8,7%** do total nacional. Lidera a produción de caolín, cuarzo, lousa e granito.

- ➔ Encabeza a produción nacional de rocha ornamental (38,81%), e representa o **54% da produción total** mineira galega.
- ➔ **Produce o 7,81%** do total nacional de minerais industriais, destacando o caolín e o feldespato, considerado materia prima fundamental pola UE.
- ➔ No ámbito das augas mineromedicinais, Galicia conta con **13 marcas de auga embotellada** e é líder nacional con **19 balnearios**.

## Explotacións activas en Galicia


Total: **238**



# A minería en cifras




## Áridos (toneladas)




## Cerámica (toneladas)



## Granito (toneladas)




## Lousa (toneladas)







### Minerais industriais (toneladas)




### Minería metálica (toneladas)



### Augas minerais (litros)



### Balnearios (usuários)



# A Cámara



Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

# Unha entidade ao servizo do sector

→ A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é unha corporación de dereito público e órgano consultivo da administración, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, e que desenvolve as súas actividades en colaboración coas universidades, colexios profesionais, asociacións sectoriais, clústeres e empresas da comunidade mineira.



A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos. Esta entidade representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

- Áridos 
- Augas minerais 
- Balnearios 
- Cerámica 
- Granito 
- Lousa 
- Minería enerxética 
- Minería metálica 
- Rochas industriais 

# Como traballamos polo sector



As funcións da COMG están recollidas no Real Decreto do 23/09/2021 e no artigo 6 do Regulamento de Réxime Interior.

Entre as súas actividades máis destacadas están:

- **Fomentar o desenvolvemento da industria mineira** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
- **Representar, defender e promover os intereses** da minería galega.
- **Expedir certificacións e designar peritos**, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minería.
- **Impulsar a ensinanza** da minería.
- **Emitir informes ás autoridades e particulares** que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
- **Xestionar o catastro mineiro**.
- **Promover a seguridade e a saúde laboral, a compatibilidade ambiental e a integración territorial** paisaxística das actividades mineiras.
- Ademais, exerce os seguintes labores:
  - Informativo:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas.
  - Formativo:** organización de cursos, seminarios e xornadas de interese para o sector.
  - Asesoramento:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

→ O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes implicados na industria mineira, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria.



# Órganos de Goberno

A organización da COMG está recollida no capítulo II do seu Regulamento de Réxime Interior e os seus órganos de goberno son:

## → Asemblea

**Órgano supremo de goberno e representación da COMG.**

Forman parte del as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do territorio de Galicia.

## → Xunta Directiva

**Órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG.**

Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40), son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros.



### Presidenta

**D.ª Cecilia Trancón Loureiro**  
Caolines de Vimianzo, S.A.U.  
(CAVISA)

### Vicepresidenta 1ª

**D.ª Mónica Rodríguez López**  
Blokdegal

### Vicepresidente 2ª

**D. José Antonio Valencia**  
Erimisa

### Tesoureiro-contador

**D. Diego López González**  
Epifanio Campo, S.L.

### Secretario xeral

**D. Julio César Valle**

### Directora

**D.ª Arantxa Prado Santiago**

### Dpt. Administración

**D.ª Eva Barrientos Murias**

### Dpt. Técnico

**D.ª Irene Pérez Cáceres**

**D.ª Sara López Campoamor**

Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º e tesoureiro-contador son elixidos polos membros da Xunta Directiva.

## → Comités da COMG

A COMG conta con grupos de traballo encargados de ámbitos específicos.

### Comité Normativo

Ten a encomendade de realizar un seguimento da tramitación de novas normas e da implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

### Comité de Comunicación

O seu obxectivo é mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa coma interna.

### Comité de Patrimonio

Ten como función poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

### Comité de Sostibilidade e Innovación

O seu labor é investigar novas técnicas e accións que fagan a actividade mineira máis eficiente e respectuosa coa súa contorna co obxectivo de situar ao sector galego á cabeza da vangarda.

### Membros da COMG

Os membros da COMG son aqueles socios da Cámara Mineira de Galicia, persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras ou relacionadas coa minería no ámbito territorial galego, que están ao corrente no pago dos recursos económicos da entidade.

**87 membros na actualidade**

**2 novas altas**

- Arines Obras y Proyectos, S.L.
- Zifra Ingeniería, SLU



## → Reunións do ano

### Asemblea da COMG

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 3 de abril de 2025 na Finca da Rocha, en Santiago de Compostela

### Xunta directiva

Celebradas once reunións no 2025:

- 23 de xaneiro
- 24 de marzo
- 17 de xullo
- 13 de novembro
- 25 de febreiro
- 15 de maio
- 18 de setembro
- 1 de decembro
- 20 de marzo
- 12 de xuño
- 20 de outubro



# Cen anos ao servizo da minería galega



Este 2025, a Cámara Mineira de Galicia celebrou o seu centenario, conmemorando cen anos desde a súa fundación en 1925. A efeméride serviu para reivindicar a pegada histórica da minería en Galicia e para reafirmar o papel da COMG como entidade vertebradora dun sector clave para o desenvolvemento industrial da comunidade.

## Identidade visual do centenario

A celebración contou cunha identidade propia, articulada arredor dun selo conmemorativo creado especificamente para o Centenario. Este elemento acompañou todas as accións, publicacións e eventos ao longo do ano, funcionando como fío condutor visual da celebración.

O deseño simboliza a continuidade institucional e a cohesión do sector mineiro galego, reforzando a imaxe renovada e coherente da Cámara no seu centenario.

Como parte desa proxección simbólica e do labor divulgativo, instalárase unha placa conmemorativa na Rúa Riego de Auga, 25-27 en A Coruña, primeira sede da COMG desde a súa fundación en 1925, no edificio que hoxe alberga o Centro Asturiano. Para o seu deseño e elaboración contouse coa empresa Sargadelos, empregando a cerámica como material representativo pola súa vinculación histórica coa industria galega e co sector mineiro.



Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

## Exposición “Tesouros da terra”



A exposición itinerante “Tesouros da Terra: a minería galega a través do tempo”, converteuse nun dos eixes centrais do programa conmemorativo. A través de oito tótems divulgativos, ofreceu un percorrido por 2.500 anos de historia mineira, desde a antiga Gallaecia ata a actividade actual.

A mostra destacou a diversidade de subsectores, etapas da minería e proxectos de restauración mineira e incorporou unha revisión dos principais fitos da COMG ao longo do século.

Durante 2025 percorreu distintas localidades galegas, achegando á cidadanía unha visión divulgativa da evolución e relevancia da minería galega.





## Gala do centenario

O 3 de decembro, celebrouse en Santiago de Compostela a Gala do Centenario da COMG, acto central da conmemoración dos cen anos de traxectoria institucional da entidade. A xornada reuniu a representantes institucionais, empresariais e familiares dos primeiros dirixentes da Cámara, nunha homenaxe aos doce presidentes que lideraron a institución desde 1925 ata a actualidade.

Durante o acto presentouse un galardón creado especificamente para o Centenario, elaborado en cerámica de Buño, como símbolo da identidade mineira galega e da continuidade da institución ao longo dun século. Así mesmo, fíxose entrega do Libro do Centenario, publicación que recolle a evolución da Cámara e do sector mineiro galego desde a súa fundación e presentouse tamén unha réplica do primeiro boletín editado pola entidade, como homenaxe ás súas orixes.

## Publicación conmemorativa

A celebración completouse coa edición dun libro elaborado polo xornalista José Salgado. A obra recompila a historia da Cámara e contextualiza a evolución da minería galega ao longo do último século, desde a súa consolidación como actividade industrial ata os actuais desafíos vinculados ás materias primas críticas.

O volume constitúe un legado documental que contribúe a preservar a memoria do sector e a reforzar a súa identidade institucional.

## Espazos de diálogo: pasado, presente e futuro

Co obxectivo de xerar un debate público arredor dos recursos minerais e o seu impacto no futuro de Galicia, a COMG impulsou o ciclo “Encontros polo Centenario”, estruturado en tres sesións temáticas:

- **Galicia en pedra: arte e oficio**  
Abordou o valor cultural da pedra natural e a evolución da cantería, conectando tradición e innovación.
- **Liderado empresarial e deporte**  
Reflexionouse sobre o liderado empresarial e o papel do sector primario no desenvolvemento económico e social de Galicia.
- **A pegada galega na transformación dixital**  
Analizouse o papel dos minerais críticos como base das tecnoloxías dixitais, da intelixencia artificial e da computación avanzada.



## Colaboración no evento deportivo Samurai Xtreme Race



No marco do Centenario, a COMG colaborou tamén coa carreira de obstáculos Samurai Xtreme Race, celebrada os días 5 e 6 de xullo no Lago das Pontes, exemplo emblemático de restauración mineira en España. A iniciativa tivo como obxectivo divulgar a orixe mineira deste espazo rehabilitado e poñer en valor a contribución da minería á transformación ambiental e ao desenvolvemento sostible do territorio.

A colaboración incluíu a elaboración dun vídeo divulgativo sobre a restauración da antiga mina de lignito, así como a presenza da imaxe institucional e do selo do Centenario nos materiais do evento. Esta actuación, aliñada coa AMSG 2030, permitiu conectar minería, deporte e conciencia ambiental, achegando o sector á sociedade a través dun formato innovador e de ampla repercusión mediática.



# Minería Sostenible de Galicia




Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

# Minaría Sostible de Galicia



Unha industria sostible e clave para o futuro



→ A minería en Galicia só pode entenderse desde unha perspectiva sostible, polo que a promoción da actividade mineira por parte da COMG implica, necesariamente, a defensa dun modelo responsable e integrado no territorio.

A evolución do sector nos últimos anos, máis competitivo, innovador e comprometido co medio ambiente, fixo necesaria unha canle específica para trasladar esta realidade á sociedade. Con ese obxectivo naceu en 2019 e por impulso da COMG a plataforma Minaría Sostible de Galicia, como espazo de divulgación e posta en valor da nova minería galega.



**En Minaría Sostible de Galicia participan as seguintes entidades:**

- Clúster do Granito
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia



## Páxina web

### 45 novos posts

O sitio web de Minería Sostible de Galicia é a súa canle central de comunicación, un espazo no que se recollen contidos que explican o sector desde diferentes perspectivas (social, económica, histórica ou xeolóxica), co obxectivo de ofrecer unha visión completa e accesible da minería galega.



## Redes sociais

**in** **5.046** seguidores  
55.400 impresións

**ig** **1.665** seguidores  
37.490 impresións

**f** **879** seguidores  
17.439 impresións

**X** **1.282** seguidores  
8.148 impresións

# Exercicio 2025



Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

# Oficina de Impulso de Proxectos Europeos



→ A Oficina de Impulso de Proxectos Europeos (OIPE), creada en 2023 por encargo da Xunta de Galicia á Cámara Oficial Mineira de Galicia, constitúe unha ferramenta estratéxica para dinamizar a participación do sector mineiro galego en iniciativas europeas de investigación, desenvolvemento e innovación. Enmárcase na Axenda de Impulso da Minería 2030 e ten como finalidade fortalecer a competitividade, modernización e proxección internacional da industria extractiva galega.

## Ao servizo da innovación

A OIPE desenvolve a súa actividade arredor das seguintes liñas de actuación:

- **Identificación de necesidades tecnolóxicas**, analizando os retos da industria mineira en materia de innovación.
- **Seguimento de convocatorias europeas de I+D+i**, detectando oportunidades de financiamento para o sector.
- **Impulso á participación en proxectos europeos**, facilitando a colaboración entre empresas, administracións e centros de coñecemento.
- **Configuración dunha carteira de proxectos estratéxicos** susceptibles de desenvolverse en Galicia.
- **Asistencia técnica á Administración autonómica**, contribuíndo á xeración de emprego e á modernización do sector.

Ademais, a OIPE puxo a disposición do sector unha **base de datos actualizada de proxectos tractores** que recolle iniciativas vencelladas á innovación tecnolóxica, á economía circular, á transición enerxética, á dixitalización e ás materias primas críticas, incluíndo programas europeos como o CRMA, Interreg ou Erasmus+.

Esta ferramenta funciona como repositorio aberto para empresas, centros de coñecemento e administracións, facilitando a identificación de sinerxias e novas oportunidades de colaboración.



## Xornada de posta en valor dos resultados da OIPE

A OIPE presentou os resultados do seu labor nunha xornada na que se analizaron proxectos estratéxicos da minería na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O acto foi clausurado por Diego Casal Ramos, subdirector xeral de Recursos Minerais da Xunta de Galicia, e por Cecilia Trancón Loureiro, presidenta da COMG, quen destacaron a relevancia da colaboración institucional e empresarial para consolidar unha minería innovadora e sostible.

## Xornada técnica sobre restauración mineira

No mes de marzo, a OIPE organizou unha xornada centrada no potencial das técnicas aplicadas ás restauracións mineiras, abordando solucións innovadoras e boas prácticas en recuperación ambiental.



## Innovación ambiental coa colaboración de CRETUS

No mes de maio, a OIPE e o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CRETUS) presentaron avances científicos en restauración ambiental aplicados á minería galega, reforzando o compromiso do sector coa sustentabilidade.

## Webinar sobre intelixencia artificial nos áridos

En abril, a OIPE celebrou, en colaboración coa Asociación Galega de Áridos (ARIGAL), un webinar sobre a aplicación da intelixencia artificial no sector dos áridos, analizando oportunidades de dixitalización e optimización de procesos.




# Representación do sector



→ Ademais da relación permanente coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, ao longo de 2025 a Cámara Oficial Mineira de Galicia mantivo reunións e encontros con responsables institucionais tanto no ámbito autonómico como estatal, participando tamén en foros sectoriais, xornadas técnicas e eventos especializados.

A COMG exerce así o seu papel como interlocutora da industria mineira galega, trasladando as necesidades e prioridades do sector e reforzando a súa presenza nos espazos de decisión. Esta actividade permite consolidar canles de diálogo e colaboración orientadas a favorecer un desenvolvemento equilibrado e sostible da minería, en beneficio do tecido empresarial e do conxunto da sociedade galega.



## Presenza no acto de recoñecemento á Rede CIGUS



No mes de febreiro celebrouse en Santiago de Compostela o acto de entrega de recoñecementos aos dez centros das tres universidades galegas integrados na Rede CIGUS, que agrupa aos centros de investigación de excelencia en Galicia. No acto participou o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, quen destacou o papel da Rede como referente da excelencia científica e a súa contribución ao desenvolvemento da I+D+i na comunidade. En representación da Cámara Oficial Mineira de Galicia asistiu o presidente do Comité de Comunicación, Celso Penche.

## Asistencia á presentación da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde



A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia deu a coñecer no mes de febreiro a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas (EGIVCRE). A directora da COMG, Arantxa Prado, acudiu ao encontro que reuniu arredor de 150 participantes, entre técnicos, representantes municipais e investigadores das tres universidades galegas.

## Acordo de cooperación técnico-científica con ARIGAL e DST Group



No mes de febreiro presentouse o “Programa Cantera” da Escola DST, impulsado polo DST Group en colaboración co FP Dual de Técnico de Escavacións e Sondaxes, co obxectivo de promover a formación especializada e o intercambio de coñecemento no sector.

No encontro participaron a vicepresidenta primeira da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Mónica Rodríguez,



así como os membros da Xunta Directiva Alberto Novoa e Aitor Punte. A xornada permitiu avanzar na vontade compartida de reforzar a cooperación técnico-científica e impulsar iniciativas conxuntas en materia de sustentabilidade e I+D+i, consolidando a colaboración xa existente no ámbito do financiamento europeo.



## Participación na mesa redonda sobre minería en PREVISEL

A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou na décimo oitava edición do Salón da Prevención e Seguridade Laboral (PREVISEL). A entidade estivo representada por Carlos Martínez, membro da Xunta Directiva, quen interveu na mesa redonda “A minería en Galicia a debate: impacto medioambiental, social e económico”, organizada pola CIG.



O encontro contou tamén coa participación de Fins Eirexas (ADEGA) e Xosé Alfredo Pereira, presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, xerando un espazo de diálogo sobre a repercusión da actividade extractiva no medio rural, os seus retos actuais e o seu potencial.

## Reunión sobre o impacto da política arancelaria dos Estados Unidos



A presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Cecilia Trancón, e a directora, Arantxa Prado, asistiron a unha reunión convocada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para analizar o impacto da nova política arancelaria anunciada polos Estados Unidos sobre os principais sectores industriais da comunidade.

No encontro participaron tamén representantes das consellerías de Mar, Facenda e Administración Pública e Medio Rural, así como o Clúster da Pizarra, o Clúster do Granito, a Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) e outras asociacións e clústeres sectoriais.

## Xornada de participación pública sobre o novo ciclo de planificación hidrolóxica



Ourense acolleu no mes de abril a xornada de participación pública sobre os Documentos Iniciais do novo ciclo de planificación hidrolóxica 2028-2033 da parte española da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil. O encontro marcou o inicio do proceso de definición do futuro plan hidrolóxico, cuxos documentos permaneceron en consulta pública ata o mes de xuño.

A xornada constituíu o primeiro paso dun proceso participativo que continuará ao longo de 2026 con novos períodos de información pública para a definición dos principais temas e medidas que integrarán o plan definitivo.

## Encontro ‘Galicia, clave na autonomía europea de minerais’



A COMG organizou en Santiago de Compostela o encontro “Galicia, clave na autonomía europea de minerais”, encabezado pola presidenta da entidade, Cecilia Trancón, e polo director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila. A xornada reuniu a expertos do ámbito mineiro, industrial e académico para analizar o papel dos minerais galegos na redución da dependencia europea de materias primas críticas e no desenvolvemento industrial. O programa incluíu dúas mesas redondas e un relatorio centrado na aplicación do capital natural na xestión de proxectos mineiros sostibles.



## Visita institucional ás instalacións de AIMEN

Representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia visitaron no mes de abril as instalacións de AIMEN en O Porriño, centro de innovación tecnolóxica multisectorial especializado en materiais, procesos de fabricación avanzada, dixitalización e sostibilidade. Na visita participaron tamén representantes das empresas Pedra Ingeniería, S.L., Áridos do Mendo e Recursos de Galicia.

Durante a xornada, compartíronse experiencias e analizáronse as necesidades actuais da industria mineira, abrindo vías de colaboración a través da Oficina de Impulso de Proxectos Europeos (OIPE).



## Participación no Encontro de Sober 2025

A Cámara Oficial Mineira de Galicia estivo presente no mes de maio no Encontro de Sober 2025, un foro orientado a fortalecer a relación entre o sector rural e a industria en Galicia. A vicepresidenta da COMG, Mónica Rodríguez, participou como moderadora na mesa redonda "Minería Sostible: desafíos dun sector estratéxico", xunto a Diego Casal, subdirector xeral de Recursos Minerais; Constantino Penedo, responsable de Medio Ambiente de Cobre San Rafael; e Eduardo Jiménez, director de Magnesitas de Rubián.

Durante o debate abordáronse cuestións relacionadas coa transparencia, a comunicación sectorial, a normativa vixente e a necesidade de impulsar instrumentos de ordenación mineira en Galicia.



## Xornada sobre a dimensión enerxética do desenvolvemento industrial en Galicia

Representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia asistiron no mes de xuño á xornada "A dimensión enerxética do desenvolvemento industrial en Galicia: o reforzo da rede e a repotenciación eólica", organizada polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA). A entidade estivo representada pola súa presidenta, Cecilia Trancón, e a directora, Arantxa Prado.

Durante o encontro, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, incidiu na necesidade de reforzar a rede eléctrica para facilitar tanto a evacuación de enerxía renovable como a implantación de novos proxectos industriais, e avanzou o inicio dos trámites de repotenciación para unha vintena de parques eólicos con máis de 25 anos de antigüidade.



## Participación no IV Foro Económico Español: A Galicia que vén



O IV Foro Económico Español: A Galicia que vén, celebrado na Coruña e organizado por El Español, Invertia, Quincemil e Treintayseis, acolleu a mesa redonda “Aproveitar os recursos de Galicia”, centrada no potencial mineiro da comunidade. No debate participaron José Manuel García, responsable de Augas Mínerais da COMG; Pablo Núñez, director de Relacións Institucionais de Cobre San Rafael; e Carlos Martínez, director de Minería de Recursos de Galicia.

Durante a sesión abordáronse cuestións relacionadas coa tradición mineira galega, a relevancia das materias primas críticas, a necesidade de axilidade administrativa e a importancia da transparencia e da comunicación para mellorar a percepción social da actividade extractiva.



## Xornada sobre minería, industria e progreso no Círculo de Empresarios de Galicia

O Círculo de Empresarios de Galicia acolleu no mes de maio a xornada “Minería, industria e progreso: os recursos naturais como motor da economía galega”, organizada por Cobre San Rafael, empresa membro da COMG, en colaboración con ASIME. O encontro reuniu a representantes institucionais, empresariais e técnicos para debater sobre o papel estratéxico dos recursos naturais na reactivación económica e na transición ecolóxica de Galicia.

Na mesa redonda participou Carlos Martínez, membro da Xunta Directiva da COMG, xunto a representantes do ámbito empresarial e asociativo. Durante o debate analizáronse cuestións como a cadea de valor industrial, os retos enerxéticos e administrativos e a percepción social da minería.

## Intervención no congreso final do proxecto europeo S341



A cidade de Vigo acolleu no mes de xuño os eventos finais do proxecto europeo S341 (Secure and Sustainable Supply of Raw Materials for EU Industry), coorganizados polo Iberian Sustainable Mining Cluster (ISMIC). O encontro reuniu a máis de 50 expertos internacionais e puxo fin a tres anos de traballo orientado ao desenvolvemento de solucións para unha minería máis sostible e estratéxica en Europa.

Na conferencia final do proxecto participou Irene Pérez, responsable da Oficina Técnica da COMG, en representación da OIPE. A súa intervención centrouse nos retos regulatorios e institucionais do sector mineiro, cuestión que tamén foi abordada nunha mesa redonda sobre desafíos administrativos, transferencia de coñecemento e construción de confianza social.

## Presentación da VIII Edición da Samurai Xtreme Race



A Deputación da Coruña acolleu en xuño a presentación oficial da VIII Edición da Samurai Xtreme Race, que se celebrou en xullo na contorna do Lago das Pontes. No acto participou a presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Cecilia Trancón, en calidade de entidade colaboradora na organización do evento.

Durante a presentación destacou o valor do espazo que acolle a carreira, exemplo de restauración mineira, así como as características dun percorrido de 10,3 quilómetros con máis de 70 obstáculos.

## Asistencia á xornada “Os recursos minerais e o sector da enerxía”



A COMG participou en Vigo na xornada organizada por CLUERGAL sobre a relación entre recursos minerais e transición enerxética. A presidenta da entidade, Cecilia Trancón, subliñou que a descarbonización da economía require garantir unha subministración sostible e segura de materias primas estratéxicas.

O encontro permitiu analizar sinerxías entre a minería e o sector renovable, así como cuestións vinculadas á eficiencia enerxética, autoconsumo industrial e planificación territorial. A participación da Cámara reforzou o posicionamento da minería galega como pilar esencial do novo modelo produtivo europeo.



## Asistencia á Conferencia ESRI 2025



No mes de outubro tivo lugar en Madrid a Conferencia ESRI 2025, un encontro de referencia no ámbito dos Sistemas de Información Xeográfica (GIS), no que participaron a directora da COMG, Arantxa Prado, e a responsable da Oficina Técnica, Irene Pérez. Esta última presentou o relatorio “Xestión Xeoespacial do Catastro Mineiro de Galicia: do reto á aplicación estratéxica no territorio”, no que se abordou a evolución do Catastro Mineiro así como o seu papel na planificación territorial e no desenvolvemento sostible.

## I Congreso de Enxeñaría Xeolóxica e de Minas



Braga acolleu o I Congreso de Enxeñaría Xeolóxica e de Minas, organizado pola Ordem dos Enxeñeiros da Região Norte baixo o lema “Xeorecursos, a presenza invisible na nosa vida cotiá”. No encontro participou Javier González Paz, en representación da COMG, nun foro que reuniu a profesionais, estudantes e expertos de Galicia e Portugal.

Durante a súa intervención presentáronse casos desenvolvidos en Galicia, como a restauración das Pontes e Meirama, a recuperación da Lagoa de Antela ou a reconversión de espazos mineiros na área de Vigo. Tamén se abordaron iniciativas de innovación empresarial e valorización de materiais críticos, destacando o papel da minería na planificación territorial e na sustentabilidade.

## XIII Congreso de Patrimonio Xeolóxico e Mineiro



O XIII Congreso de Patrimonio Xeolóxico e Mineiro reuniu en Parada do Sil a profesionais e expertos do ámbito xeolóxico e extractivo nun encontro organizado pola Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro (SEDPGYM). Irene Pérez, responsable da Oficina Técnica da COMG, participou na mesa redonda “Minería e patrimonio mineiro en Galicia”, xunto con Diego Casal, subdirector xeral de Recursos Minerais, e Ramón Jiménez, do Museo Xeomineiro (IGME-CSIC).

Durante a sesión presentáronse distintas iniciativas orientadas á divulgación e valorización do patrimonio mineiro galego, incluíndo unha páxina web específica, publicacións monográficas, rutas interpretadas e accións de colaboración institucional.

## VII Congreso Nacional de Áridos

No mes de outubro celebrouse en Córdoba o VII Congreso Nacional de Áridos, encontro de referencia para o sector a nivel estatal que reuniu a empresas, administracións e profesionais para debater sobre sostibilidade, competitividade e relación co territorio. A presidenta da COMG, Cecilia Trancón, interveu na sesión dedicada á gobernanza sectorial e ás relacións co contorno social.

Durante a súa intervención, a presidenta destacou o papel dos áridos na creación de valor económico e social, así como na importancia dunha xestión responsable baseada na transparencia, na cooperación coas comunidades locais e na integración de criterios ambientais e sociais na actividade extractiva.



## Primeira reunión do Consello Mineiro de Galicia



A COMG participou na primeira reunión do Consello Mineiro de Galicia, órgano presidido pola Consellería de Economía e Industria e concibido como espazo estable de diálogo entre administración, empresas, sindicatos e colexios profesionais. Durante a sesión informouse da resolución do primeiro concurso de dereitos mineiros tras catorce anos e anunciouse unha nova convocatoria vinculada a materias primas críticas como o volframio ou o litio. Ademais, avanzouse na creación de grupos de traballo sectoriais e a posta en marcha dun Plan de Inspección Mineira, reforzando o marco institucional do sector e consolidando unha canle permanente de coordinación e seguimento.

## Participación no proxecto europeo Interreg PICOBELLO



A COMG, a través da Oficina de Impulso de Proxectos Europeos, participou en dúas xornadas de *stakeholders* do proxecto Interreg Europe PICOBELLO, orientado á integración dos valores da Nova Bauhaus Europea (NEB) nas políticas públicas. Nos encontros presentáronse casos de éxito da minería sostible en Galicia, destacando prácticas de restauración ambiental e economía circular. Entre eles puxéronse en valor experiencias como a restauración da Lagoa da Mina Mercedes (Valga), exemplo de transformación dun espazo extractivo nun enclave de biodiversidade e uso social. A participación da COMG reforza o compromiso do sector coa innovación, a sostibilidade e a rexeneración ambiental do territorio.






## A COMG forma parte dos seguintes grupos e entidades

- A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo
- O Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito
- O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia - Grupos de Traballo de Enerxía
- A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx
- O Comité Científico e o Comité Económico e Social do Xeparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel
- A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles
- A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA)
- A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro (SEDPGYM)
- Comité Executivo de Enerxía
- Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde
- Pacto Alianza Industrial Galega do H2 Verde (Comités Executivos de Formación e Innovación, e Comité Executivo de Capacidades Industriais)
- Plan Conecta FP Galicia
- Convenio de colaboración con Aminer
- Convenio co Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME)
- Clúster para la Minería Sostenible y Servicios Asociados de la Península Ibérica
- Padroado da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA)
- The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH)
- A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE)
- Asociación Española de Normalización (UNE)
  - » Comité CTN 022/SC 01 Materias Primas Minerais
  - » Comité CTNM 022/SC 01 GT 02 Rochas e Minerais Industriais
  - » Comité CTN 022/SC 02 Equipos e Técnicas Mineiras
  - » Comité CTN 022/SC 03 Xestión Mineira Sostible
  - » Comité CTN 022/SC 05 Rocha Natural
  - » Comité CTN 329 Litio e a súa recuperación
- Padroado da Fundación Minería y Vida
- European Raw Materials Alliance (ERMA)
- Comité Internacional para a Conservación e Defensa do Patrimonio Industrial (TICCHI)
- Grupos de interese da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC)
- Alianza Galega polo Clima
- Rede de Restauración de Canteiras e Minas
- Foro para a Industrialización Sostible e a Transición Ecolóxica de Galicia (Foro Fieito)

# Defensa do sector



- Entre as competencias atribuídas á Cámara Oficial Mineira de Galicia polos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior atópase a facultade de promover iniciativas e propostas orientadas ao desenvolvemento e fortalecemento da actividade mineira.

Neste contexto, ao longo do 2025, a Xunta Directiva, os comités de traballo e o equipo técnico centraron parte da súa actividade na defensa dos intereses do sector ante os distintos órganos reguladores. A COMG mantén unha relación permanente coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, como administración competente en materia mineira e órgano de tutela, así como un seguimento continuo das actuacións doutras consellerías e administracións locais con incidencia na actividade extractiva.





## Promoción e actualización dos dereitos mineiros: concursos mineiros 2025

Ao longo de 2025 produciuse a reactivación dos concursos públicos de dereitos mineiros caducados en Galicia. En xaneiro foi a publicación no Diario Oficial de Galicia e en marzo no Boletín Oficial do Estado de convocatorias correspondentes ás catro provincias. Houbo 20 solicitudes admitidas a trámite: 18 para a provincia da Coruña e 2 para a de Ourense. Os restantes dereitos consideráronse terreos rexistrables por falta de solicitude ou porque foron rexeitadas.

Esta medida dá continuidade ás demandas trasladadas polo sector tras 14 anos sen convocatorias, e permite desbloquear concesións que quedaran sen efecto, facilitando a súa nova saída a concurso conforme ao establecido na lexislación mineira.

O procedemento estableceu un prazo de dous meses para a presentación de solicitudes e un período máximo de seis meses para a resolución do concurso, garantindo un marco regulado e transparente. Esta actuación contribúe a mellorar o coñecemento do potencial xeolóxico de Galicia e alíñase coas directrices europeas que promoven o acceso sostible e seguro ás materias primas estratéxicas.

A actualización destes dereitos non implica a apertura automática de explotacións, senón que constitúe o primeiro paso para impulsar novas investigacións xeolóxicas orientadas a identificar recursos minerais de interese. Unha vez concluída a fase de investigación, calquera eventual proxecto de explotación deberá cumprir estritamente cos requisitos técnicos, ambientais e administrativos vixentes.

## Monitorización da actividade legislativa

Ao longo do ano, as distintas Administracións Públicas aproban un volume significativo de disposicións normativas, como decretos, regulamentos e leis, con posible incidencia na actividade extractiva.

Co fin de garantir un seguimento rigoroso deste marco normativo, a COMG analiza de maneira sistemática os principais boletíns e canles de publicación pública, entre eles o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG) e os Boletíns Oficiais Provinciais das catro provincias galegas.

Tras este proceso de revisión, a información é trasladada ao Comité Normativo para a súa análise técnica e a elaboración de recomendacións á Xunta Directiva, adoptando as actuacións oportunas en defensa do sector.



## Actualización das normas UNE 22470 e 22480 de Xestión de Minería Sostible

En 2025 publicouse a nova versión das normas UNE 22470 e UNE 22480 de xestión mineira sostible, que substitúe á edición de 2019 e establece un período transitorio de tres anos para a súa adaptación.

A COMG realizou un seguimento técnico da actualización e trasladou ao sector as principais novidades, entre elas o novo sistema de avaliación por niveis e a maior aliñación cos estándares europeos de sostibilidade. A entidade continuará acompañando ás empresas no proceso de transición á nova versión.



## Alegacións positivas a proxectos mineiros

No marco da súa función de representación e defensa do sector, a COMG presentou en 2025 alegacións favorables aos proxectos de Cobre San Rafael (Touro), á concesión de Pedra Facha promovida por Francisco Gómez e ao proxecto de Mina Doade.


Nos escritos remitidos ás administracións competentes trasladouse o apoio a iniciativas que cumpren coa normativa técnica e ambiental vixente e que incorporan criterios de sostibilidade e responsabilidade social, destacando o seu potencial para xerar emprego, reforzar o tecido industrial galego e avanzar no coñecemento dos recursos minerais da comunidade.

## Alegacións á reforma do Real Decreto 975/2009

No marco do proceso de información pública, a COMG remitiu as súas consideracións á proposta de modificación do Real Decreto 975/2009, relativo á xestión de residuos das industrias extractivas e á restauración do espazo afectado pola actividade mineira.

No escrito analizáronse aspectos como a actualización das garantías financeiras, os procedementos vinculados aos plans de restauración e a necesaria coordinación co marco normativo autonómico. A Cámara manifestou o seu apoio ás medidas orientadas á economía circular e á mellora ambiental, subliñando a importancia de garantir proporcionalidade, seguridade xurídica e viabilidade técnica.

## Alegacións ao proxecto do EPIN Macizo Rochoso do Galiñeiro



No exercicio das súas competencias, a COMG formulou alegacións ao proxecto de declaración do EPIN Macizo Rochoso do Galiñeiro. No escrito presentado, advertiuse de posibles deficiencias no procedemento, especialmente en relación coa tramitación ambiental e coa garantía da participación pública.

Así mesmo, cuestionouse a prohibición absoluta e xenérica da actividade extractiva en todo o ámbito afectado, defendendo que calquera limitación debe estar debidamente motivada e responder a unha ponderación caso a caso, conforme á lexislación mineira e á xurisprudencia constitucional vixente.

## Alegacións ao I Plan de Acción para a Xestión Sostible das Materias Primas Minerais 2025-2029



A COMG presentou alegacións ao I Plan de Acción estatal para a Xestión Sostible das Materias Primas Minerais, manifestando a necesidade de reorientar o seu enfoque para garantir o autoabastecemento e a seguridade xurídica do sector mineiro.

A entidade advertiu do risco de priorizar a redución da produción mineira sen contar cun desenvolvemento real da economía circular que asegure a subministración. Ademais, defendeu unha revisión normativa puntual e equilibrada, maior coñecemento xeolóxico e medidas efectivas para axilizar procedementos, atraer investimento e reforzar a competitividade do sector.



## Alegacións ao Proxecto de Real Decreto de aplicación do Regulamento (UE) 2024/1252

En 2025, a COMG presentou alegacións ao Proxecto de Real Decreto para a aplicación do Regulamento (UE) 2024/1252 sobre materias primas fundamentais.

No documento remitido ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico analizáronse cuestións relativas ao reparto competencial entre o Estado e as comunidades autónomas, á configuración dos puntos de contacto únicos e aos efectos derivados da declaración de proxectos estratéxicos. Así mesmo, formuláronse propostas de mellora na composición da Comisión de Coordinación, defendendo unha maior presenza autonómica e sectorial e un desenvolvemento normativo equilibrado e garantista.

## Alegacións ao Plan Hidrolóxico 2028-2033 da Demarcación Miño-Sil

No proceso de consulta pública dos documentos iniciais do novo ciclo de planificación hidrolóxica 2028-2033, a COMG presentou alegacións en relación coa Demarcación Miño-Sil.

No escrito defendeuse a necesaria ponderación caso a caso entre o dominio público hidráulico e o dominio público mineiro, evitando restricións xenéricas contrarias á lexislación vixente. Ademais, solicitouse maior claridade na delimitación das masas de auga, na regulación de modificación de caudais, na extracción de áridos en leito fluvial e na consideración das augas acumuladas en ocros mineiros, co obxectivo de garantir seguridade xurídica e coherencia normativa.




# Asistencia técnica



→ A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) desenvolve un labor permanente de apoio e asesoramento ao sector mineiro, facilitando información actualizada en materia legal, administrativa e técnica.

A entidade actúa como punto de referencia para resolver consultas e orientar procedementos, tanto por parte das empresas asociadas como das administracións públicas, entidades vinculadas á actividade extractiva, profesionais, particulares e medios de comunicación interesados na realidade do sector.





## Mantemento do Catastro Mineiro de Galicia

O Catastro Mineiro de Galicia é unha ferramenta esencial de apoio á planificación da actividade extractiva e á ordenación do territorio, ao integrar nun mesmo sistema a información xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros vixentes. O seu obxectivo é favorecer un aproveitamento racional e eficiente dos recursos minerais, garantindo a súa compatibilidade con outros usos do solo e a coordinación cos instrumentos de planificación territorial e ambiental.

De maneira continuada, lévase a cabo a actualización da información incorporada ao sistema a partir

das notificacións da Subdirección Xeral de Recursos Minerais e das publicacións no Diario Oficial de Galicia e nos boletíns provinciais e estatais. Durante 2025 actualizáronse 683 novos fitos correspondentes a 274 dereitos mineiros. Así mesmo, realizouse a personalización e configuración de novas ferramentas e a mellora de funcionalidades do visor público, optimizando a súa operatividade e adaptación ás necesidades dos usuarios. O persoal da COMG encárgase do mantemento técnico da plataforma e da actualización permanente da base de datos.

## Concurso público de dereitos mineiros

A COMG presentou asesoramento ás empresas na interpretación das bases das convocatorias de dereitos mineiros caducados publicadas pola Xunta de Galicia, canalizando dúbidas técnicas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e facilitando apoio na preparación e presentación de solicitudes a través das plataformas SIX e SILEX.

Ademais, a entidade participou na xornada técnica "Concurso de Dereitos Mineiros en Galicia", organizada

pola Subdirección Xeral de Recursos Minerais, na que se detallaron as catro convocatorias e se explicaron as funcionalidades do visor SIX. A Oficina Técnica da COMG colaborou na presentación desta ferramenta, mentres que a directora da entidade interveu nunha mesa redonda sectorial na que se puxo en valor a reactivación periódica dos concursos como un mecanismo para impulsar a investigación de recursos minerais e liberar terreos con dereitos caducados.





## Apoio técnico e asesoramento ás empresas

### Asesoramento en axudas para a sostibilidade

A Oficina Técnica da COMG prestou apoio ás empresas na solicitude de subvencións destinadas a fomentar a sostibilidade ambiental na industria mineira, ofrecendo orientación na interpretación das bases reguladoras e na preparación da documentación requirida. Ademais, realizouse un acompañamento técnico na fase de xustificación das axudas, revisando a documentación e garantindo o correcto peche administrativo dos expedientes.

### Plan de Labores Dixital

A Cámara recolleu incidencias detectadas durante o prazo de presentación do Plan de Labores Dixital (PLD) e elaborou un informe técnico con propostas de mellora para optimizar o procedemento electrónico ante a Administración Mineira.

### Axudas do IGAPE para a implantación de criterios ASG

A COMG informou e asesorou ás empresas interesadas na convocatoria de axudas para proxectos ASG (ambientais, sociais e de gobernanza), contribuíndo á planificación estratéxica das actuacións subvencionables.

### Novas obrigas de cálculo da pegada de carbono

A COMG realizou unha análise técnica do Real Decreto 214/2025 e trasladou ás empresas as novas obrigas relativas ao cálculo, rexistro e publicación da pegada de carbono, ofrecendo orientación sobre requisitos de reporte e plans de redución.

### Presentación de proxectos estratéxicos

A través da súa estrutura técnica, a COMG informou e asesorou ás empresas interesadas en concorrer á segunda convocatoria de proxectos estratéxicos da Critical Raw Materials Act (CRMA), aclarando requisitos, prazos e criterios de elixibilidade.

# Formación



→ A Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsa a formación no ámbito mineiro e a capacitación continua dos profesionais do sector, tanto mediante o apoio ao ensino regulado como a través de accións formativas específicas.

O seu propósito é asegurar a actualización permanente dos coñecementos técnicos, con especial atención á prevención de riscos laborais, promovendo un exercicio profesional seguro, eficiente e adaptado ás innovacións propias da Industria 4.0. A entidade mantén unha colaboración activa coas universidades galegas, particularmente coa Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

## Cursos de prevención de riscos laborais

A COMG promove accións formativas en materia de prevención de riscos laborais, co obxectivo de reforzar a cultura preventiva no sector mineiro galego. Estas iniciativas están orientadas a mellorar a capacitación dos profesionais e a garantir o desenvolvemento da actividade extractiva baixo os máis altos estándares de seguridade. A entidade mantén o seu compromiso coa formación continua como ferramenta clave para consolidar unha minería moderna, eficiente e responsable.

## Formación universitaria

A colaboración co ámbito universitario galego constitúe unha das liñas de traballo da COMG. En particular, mantense unha relación estreita co Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e coa Universidade de Vigo, a través da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía. Esta cooperación reforza a conexión entre o sector mineiro e o contorno académico, favorecendo a formación de novos profesionais e a transferencia de coñecemento.

## Coordinación con asociacións sectoriais e colexios profesionais

A relación permanente coas asociacións sectoriais e cos colexios profesionais permite coordinar, apoiar e difundir cursos, xornadas e iniciativas formativas promovidas por estas entidades. A través desta colaboración, facilítase o acceso dos profesionais do sector mineiro a oportunidades de actuación técnica e especialización, reforzando a cualificación e a mellora continua.



# Patrimonio



## Roteiro guiado entre o túnel do Confurco e o Balneario de Mondariz

No marco da plataforma Minería Sostible de Galicia e a través do programa MinaTUR, a COMG organizou un roteiro guiado de Patrimonio Xeomineiro en colaboración coa Xunta de Galicia. O percorrido enlazou catro puntos de interese situados nos concellos de Ponteareas e Mondariz-Balneario: o túnel do Confurco, o Castro da Croa, o Castro de Troña e o Balneario de Mondariz, todos eles sinalizados con tótems divulgativos dotados de contidos dixitais accesibles mediante códigos QR.

A actividade permitiu poñer en valor diferentes manifestacións da historia mineira e xeolóxica da zona, desde a minería romana do ouro e os castros mineiros ata as augas termais e mineromedicinais, conectadas polo antigo proxecto de tranvía impulsado por Enrique Peinador a comezos do século XX.

A iniciativa contou cunha ampla participación cidadá e coa presenza de representantes institucionais e entidades locais, reforzando o compromiso da COMG coa divulgación e valorización do patrimonio mineiro galego.





## Novos puntos de información nas rutas de Patrimonio Xeomineiro

Ao longo do 2025, a Cámara Oficial Mineira de Galicia, a través da plataforma Minaría Sostible de Galicia, reforzou a divulgación do patrimonio mineiro e xeolóxico coa instalación de oito novos tótems informativos en distintos enclaves do territorio galego. Esta iniciativa ten como obxectivo poñer en valor espazos de relevancia histórica vinculados á actividade extractiva e mellorar a experiencia divulgativa para veciñanza e visitantes.

Os novos puntos incorporados sitúanse nas Médulas das Borreas (Viana do Bolo), nas minas de estaño e volfranio de Beariz, nas lagoas de Mina Mercedes e Porto Piñeiro (Valga), en dous enclaves das Areeiras da Limia (Sandiás e Xinzo de Limia), na Olería de Buño (Malpica de Bergantiños) e no Manancial de Cabreiroá (Verín). Con estas incorporacións, a COMG suma xa 23 puntos sinalizados en Galicia, consolidando unha rede de divulgación territorial que continuará ampliándose.

## Redes de ferro e estaño/volfranio na web de Patrimonio

Como novidade, a web de Patrimonio incorporou dous novos apartados dedicados ás redes de ferro e de estaño/volfranio en Galicia que recollen a evolución histórica da explotación destes recursos a través de textos divulgativos, imaxes, fotografías históricas e materiais didácticos, incluíndo as principais zonas de extracción e puntos de interese. Ademais, a plataforma permite acceder ás rutas e enclaves xa identificados mediante listaxes e mapas interactivos, facilitando a súa consulta e difusión.



# Divulgación



## Visita escolar ás instalacións de CAVISA en Vimianzo

No marco das accións divulgativas da plataforma Minería Sostible de Galicia, a Cámara Oficial Mineira de Galicia organizou unha visita escolar á mina de Caolines de Vimianzo (CAVISA), na que participaron 71 alumnos de 2º de Educación Primaria do CEIP Bergantiños de Carballo.

Durante a xornada, o alumnado asistiu a unha charla introdutoria sobre a actividade mineira de Galicia e coñeceu de primeira man os minerais explotados na contorna, como o caolín, a mica e as areas de sílice. A visita completouse cun percorrido polo lago mineiro e con actividades didácticas, incluíndo un obradoiro con arxila e a plantación de castiñeiros, reforzando así o enfoque pedagóxico e ambiental da iniciativa.

## Colaboración con medios de comunicación

En 2025, a Cámara Oficial Mineira de Galicia continuou colaborando activamente con medios de comunicación como La Voz de Galicia e Quincemil, desenvolvendo un labor constante de divulgación sobre a realidade da minería en Galicia. Estas colaboracións permitiron dar visibilidade a cuestións de actualidade vinculadas á Axenda 2030 da Minería Sostible, como o papel dos minerais estratéxicos, a valorización de residuos ou a innovación tecnolóxica do sector.

A través de artigos, reportaxes, entrevistas e notas de prensa, a COMG contou coa participación de profesionais e especialistas da industria mineira, tanto no ámbito local como internacional, co obxectivo de informar á cidadanía e contribuir a unha mellor comprensión da importancia económica, social e ambiental da actividade extractiva en Galicia.



## Axenda escolar mineira

Por cuarto ano consecutivo, a COMG editou e publicou a Axenda Escolar Mineira, unha iniciativa desenvolvida a través da plataforma Minaría Sostible de Galicia e distribuída en centros educativos de toda a comunidade.

O obxectivo desta acción é achegar ao alumnado a realidade do sector mineiro en Galicia, destacando a súa contribución ao desenvolvemento económico e social, así como o seu compromiso coa sustentabilidade e co respecto polo medio ambiente.

Nesta edición repartíronse 3.000 exemplares grazas á colaboración de 18 empresas e entidades, que fixeron posible a súa distribución entre estudantes de Primaria e Secundaria en concellos como Vimianzo, Mesía, A Laracha, Burela, Foz, Barreiros, Pontevedra, Forcarei, Cerdedo e Beariz.

## Participación en ACiENCIACERTA 2025




A Cámara Oficial Mineira de Galicia, en colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito, participou en ACiENCIACERTA 2025, un evento organizado polo Concello do Porriño co obxectivo de achegar a ciencia á cidadanía dun xeito lúdico e accesible, especialmente ao público infantil e xuvenil.

Durante a xornada, representantes da COMG distribuíron exemplares da Axenda Escolar Mineira e do libro O Tesouro das Estrelas, promovendo o coñecemento do sector entre os máis novos. Ademais, desenvolveuse un obradoiro con mostras de minerais e produtos representativos da minería galega, contribuíndo a espertar vocacións científicas e a fomentar o interese pola actividade extractiva desde unha perspectiva didáctica.



# Comunicación



## Páxina web

O sitio web da COMG constitúe unha ferramenta clave como canle de información dirixida aos profesionais do sector extractivo e como ventá aberta á sociedade para dar a coñecer as actividades e iniciativas da entidade.

Ademais das seccións que se actualizan conforme ao calendario anual da COMG, o blog xera contidos de interese tanto en galego como en castelán. Durante 2025 publicáronse un total de 74 posts.

## Relación cos medios de comunicación

O mantemento dunha relación fluída cos medios de comunicación forma parte da estratexia da COMG para garantir unha divulgación constante e transparente dos principais fitos da entidade e do sector.

Durante o 2025 rexistráronse numerosos impactos en prensa e radio, moitos deles derivados do labor proactivo do equipo de comunicación, que difundiu 15 notas de prensa ao longo do ano.

## Redes sociais

Os perfis da COMG en LinkedIn, X e Facebook están concibidos como espazos de interacción coa comunidade mineira e como instrumento de divulgación e transparencia cara á sociedade. Durante 2025, as redes sociais da entidade continuaron medrando en seguidores e impacto:

---

**in** **2.012** seguidores  
(+168)

---

**f** **328** seguidores  
(+26)

---

**X** **347** seguidores  
(+9)

---



## Celebración dos Premios Santa Bárbara

A Cámara Oficial Mineira de Galicia entregou o 3 de decembro os Premios Santa Bárbara no Hotel Monumento San Francisco, en Santiago de Compostela, nun acto celebrado no marco da Gala do Centenario, que reuniu á comunidade mineira galega coincidindo coa festividade da súa patroa.

### Os premiados

#### → Premio Minaría Sostible

Recaeu no programa **Campo Sementa**, impulsado por Cerámica Campo, pola súa contribución ao desenvolvemento sostible do sector a través da formación técnico-práctica e da difusión do coñecemento industrial. A iniciativa promove oportunidades reais para novas xeracións e reforza a cohesión territorial.



#### → Premio Comunicación

Foi distinguido **Pablo Núñez Fernández** pola súa traxectoria na divulgación das xeociencias e na mellora do coñecemento social da minería. O seu labor contribuíu a tender pontes entre o ámbito técnico e a sociedade, promovendo unha visión rigorosa e estratéxica dos recursos minerais, tamén no contexto europeo a través da Federación Europea de Xeólogos.



#### → Premio Traxectoria

Concedido a **José Luis Fernández Piñeiro**, en recoñecemento a máis de cinco décadas de compromiso co sector mineiro. Á fronte de Áridos do Mendo, impulsou a evolución da empresa ata converterse en referente na explotación de ouro en Galicia e terras raras en España, desempeñando ademais responsabilidades na COMG.





Cámara  
Oficial  
Mineira  
de Galicia



Cen anos de  
minería unidos polo  
futuro de Galicia

DATOS DE CONTACTO:

---

Rúa Juana Capdevielle, nº 2.  
(Edificio Expocoruña)

635 559 698

[cmg@camaraminera.org](mailto:cmg@camaraminera.org)

[www.camaraminera.org](http://www.camaraminera.org)

[www.minariasostible.gal](http://www.minariasostible.gal)

CO APOIO DE:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA